

## CONTRATO REGULADOR DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS: WWW.FORGA.ORG, WWW.FORGA.INFO E WWW.CIGREDE.ORG E DO PREINSCRITO/A E ALUMNO/A EN CURSOS DAS OFERTAS FORMATIVAS DA FORGA

### Dunha banda:

**A persoa interesada**, maior de idade, cuxos datos persoais, académicos e identificativos se rexistrarán na base denominada FORGA, nos casos de servizos formativos presenciais, a distancia e outro tipo de servizos, e na base de datos INTERFACE, nos casos de servizos de teleformación, das plataformas [www.forga.info](http://www.forga.info), [www.forga.org](http://www.forga.org) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org). En adiante **O/A USUARIO/A DA PLATAFORMA, O/A PREINSCRITO/A EN CURSOS, O/A ALUMNO/A DE CURSOS E/OU BENEFICIARIO/A DO PROGRAMA CSC**.

### Da outra:

**A Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA)**, con CIF G36818367 e con enderezo social na cidade de Vigo, Avda. Aeroporto nº 92 1º andar (CP 36206) do concello de Vigo correo-e: ([forga.informa@forga.org](mailto:forga.informa@forga.org)). Teléfono: 986 272075. Fax: 986 281295. En adiante **A TITULAR DAS PLATAFORMAS E/OU A PRESTADORA DOS SERVIZOS**.

Ambas partes, recoñecéndose capacidade legal suficiente, **ACORDAN** subscribir este **CONTRATO REGULADOR**, ao abeiro das seguintes,

## ESTIPULACIONES:

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do presente contrato é regular as condicións de prestación dos servizos formativos e complementares, ofertados pola entidade prestadora dos mesmos, a Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA) e a persoa rexistrada, dada de alta e usuaria das plataformas: [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) (o/a usuario/a) e/ou a persoa preinscrida ou seleccionada para participar en cursos dalgunha das ofertas formativas da forGA (o/a preinscrido/a e/ou o/a alumno/a da forGA).

Asemade, procúrase, con este pacto, fixar as normas e criterios polos que se debe conducir a relación entre a forGA e o usuario/a das plataformas, o preinscrido/a e/ou o alumno/a das ofertas formativas da forGA, a respecto dos servizos complementares da formación, ofrecidos pola fundación, especificamente, da *Carta de Servizos Complementares con descontos para usuarios/as da forGA (CSC)*.

### SEGUNDA.- SINATURA E EFECTOS DO CONTRATO:

A persoa interesada en rexistrarse nas plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) pode examinar e estudar este documento contractual, con carácter previo a aceptalo e a darse de alta como usuaria das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org),

www.forga.info e www.cigrede.org, a meio da súa lectura ou descarga na parte pública dos citados medios tecnolóxicos; especificamente: no apartado: <http://forga.info/forga/Contrato.pdf>, ou solicitándoo, en papel, en calquera Delegación ou Centro Territorial da forGA.

En todo caso, o/a interesado/a, antes de activar a súa alta nas plataformas www.forga.org, www.forga.info e www.cigrede.org terá de asinar, electrónicamente ou en papel, este contrato e aceptar o seu contido.

Unha vez asinado o contrato, en papel ou realizado o clic no apartado web oportuno, a persoa interesada (o/a usuario/a) acepta, integra e indivisibelmente, as obrigas e dereitos dimanados do mesmo, polo período pactado; comprometéndose a respectalos ou a solicitar a extinción do acordo, por escrito, sen necesidade de alegar causa algunha.

### TERCEIRA.- DATA DE INICIO E DURACIÓN DO CONTRATO:

A relación contractual entre o/a usuario/a das plataformas, o preinscrito/a e/ou o alumno/a da forGA e a titular da plataformas www.forga.org, www.forga.info e www.cigrede.org e prestadora do servizo, nace dende o momento no que o/a primeiro/a procede a asinar este contrato, electronicamente, rexistrándose en liña no sistema web e dándose de alta nas plataformas www.forga.org, www.forga.info e www.cigrede.org, e/ou dende o momento no que o/a primeiro/a procede a asinar este contrato en papel, nalgunha das Delegacións e Centros Territoriais da forGA.

A persoa interesada, unha vez subscrito este contrato, acepta o cumprimento da totalidade das súas estipulacións.

O contrato ten un período de vixencia **TRES MESES NATURAIS**, a partires da data na que o/a interesado/a o asina; prorrogándose a súa duración, automaticamente, por períodos temporais iguais ao inicial, de non mediar denuncia escrita dalgunha das partes con 15 días de antelación ao seu vencimento.

### CUARTA.- DEREITOS E OBRIGAS XERAIS DEDUCIDOS DO CONTRATO:

I.- Dos/as usuarios/as das plataformas da forGA. Medios de xestión gratuítos e servizos deducidos da relación contractual:

O/A usuario/a das plataformas www.forga.org, www.forga.info e www.cigrede.org, unha vez adquirida tal condición, conta cos dereitos xerais que se relacionan e dispón dos medios de xestión gratuítos da súa demanda e servizos que se indican:

- Un nome de usuario/a e un contrasinal que lle permitirán acceder á parte privada das plataformas.
- Un apartado, na parte privada, denominado: OS MEUS CURSOS, a meio do que poderá xestionar as accións formativas subvencionadas nas que se preinscriba, así como coñecer o estado das solicitudes de preinscrición que poida realizar.
- Un apartado, na parte privada, denominado: CONTACTO, a meio do que poderá dirixirse á forGA.
- Un servizo periódico de información, por correo electrónico, sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.
- Un servizo periódico de envío de publicacións sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.

- O dereito a preinscribirse na/s accións formativa subvencionada e non subvencionadas que elixa.
- O acceso ao programa gratuíto denominado: "CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS", a meio do que poderá beneficiarse de certos descontos e vantaxes ofrecidos, por empresas colaboradoras da titular das plataformas, para os seus usuarios/as e asociados da mesma.

Os usuarios/as das plataformas, tras asinar este contrato, adquiren o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo e das leis civís e mercantís de aplicación.

En especial, os usuarios/as obríganse a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, laborais, académicos e complementares, precisos para a tramitación e xestión dos servizos e ofertas derivados deste acordo; ben, directamente por medio das plataformas web ou ben, no caso de alta en soporte papel, comunicándoos en persoa e por escrito ás estruturas competentes da forGA.

A falta de comunicación ou non actualización permanente dalgún dato persoal, laboral, académico ou complementar, preciso para a xestión dalgún dos servizos dimanados deste acordo, exime completamente á prestadora do servizo (forGA) e as entidades por ela subcontratadas de responsabilidade algunha, en relación cos consecuencias que ese acto de ocultación ou negligencia puidese comportar para a viabilidade dos servizos pactados e/ou pretendidos; sendo imputábeis as mesmas, unicamente, ao usuario/a responsábel de non actuar diligentemente en relación cos seus propios datos.

Asemade, os usuarios/as das plataformas obríganse a obter o control, o antes posíbel, da súa conta de usuario/as, no caso de que fosen rexistrados/as por algunha estrutura territorial da forGA en soporte papel, ao carecer de conta de correo electrónico e de acceso a internet; eximindo a forGA, mentres non se fagan co control da súa conta de usuario/a, de todos os problemas, retrasos, adiamentos e perdas de dereitos que se poidan producir por culpa dunha deficiente notificación e/ou comunicación ao usuario/a.

II.- Dos/as preinscritos/as e alumnos/as de cursos da oferta formativa da forGA, subvencionada para traballadores/as. Medios de xestión gratuítos e servizos deducidos da relación contractual:

### **1.- O/a preinscrito/a nalgún curso da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA:**

O/A usuario/a das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), tras preinscribirse nalgún dos cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, conta cos dereitos xerais que se relacionan e dispón dos medios de xestión gratuítos da súa demanda e servizos que se indican:

- Un nome de usuario/a e un contrasinal que lle permitirán acceder á parte privada das plataformas.
- Un apartado, na parte privada, denominado: OS MEUS CURSOS, a meio do que poderá xestionar as accións formativas subvencionadas nas que se preinscribira, así como coñecer o estado das súas solicitudes de preinscrición.
- Un apartado, na parte privada, denominado: CONTACTO, a meio do que poderá dirixirse á forGA.
- Un servizo periódico de información, por correo electrónico, sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.
- Un servizo periódico de envío de publicacións sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.

- O dereito a participar nun proceso selectivo, obxectivo, para a realización do/s curso/s no/s que se preinscribira da oferta subvencionada da forGA; consonte coas bases técnicas e administrativas dispostas pola forGA e pola Administración concedente.
- O acceso ao programa gratuíto denominado: "CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS", a meio do que poderá beneficiarse de certos descontos e vantaxes ofrecidos, por empresas colaboradoras da titular das plataformas, para os seus usuarios/as e asociados da mesma.

Os usuarios/as das plataformas, preinscritos/as en cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, tras asinar este contrato, adquiren o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo e das leis civís e mercantís de aplicación.

En especial, os preinscritos/as en cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, obríganse a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, laborais, académicos e complementares, precisos para a tramitación e xestión dos servizos e ofertas derivados deste acordo; ben, directamente por medio das plataformas web ou ben, no caso de alta en soporte papel, comunicándoos en persoa e por escrito ás estruturas competentes da forGA.

A falta de comunicación ou non actualización permanente dalgún dato persoal, laboral, académico ou complementar, preciso para a xestión dalgún dos servizos dimandados deste acordo, exime completamente á prestadora do servizo (forGA) e as entidades por ela subcontratadas de responsabilidade algunha, en relación cas consecuencias que ese acto de ocultación ou negligencia puidese comportar para a viabilidade dos servizos pactados e/ou pretendidos; sendo imputábeis as mesmas, unicamente, ao usuario/a responsábel de non actuar diligentemente en relación cos seus propios datos.

Asemade, os preinscritos/as en cursos da oferta subvencionada para traballadores/as das plataformas obríganse a obter o control, o antes posíbel, da súa conta de usuario/as, no caso de que fosen rexistrados/as por algunha estrutura territorial da forGA en soporte papel, ao carecer de conta de correo electrónico e de acceso a internet; eximindo a forGA, mentres non se fagan co control da súa conta de usuario/a, de todos os problemas, retrasos, adiamentos e perdas de dereitos que se poidan producir por culpa dunha deficiente notificación e/ou comunicación ao preinscrito/a.

## **2.- O/a preinscrito/a seleccionado/a, como alumno/a, para participar nalgún curso da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA:**

O/A usuario/a das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), tras ser seleccionado como alumno/a para participar nalgún dos cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, conta cos dereitos xerais que se relacionan e dispón dos medios de xestión gratuítos da súa demanda e servizos que se indican:

- Un nome de usuario/a e un contrasinal que lle permitirán acceder á parte privada das plataformas.
- Un apartado, na parte privada, denominado: OS MEUS CURSOS, a meio do que poderá xestionar as accións formativas subvencionadas nas que se preinscriba, así como coñecer o estado das súas solicitudes de preinscrición.
- Un apartado, na parte privada, denominado: CONTACTO, a meio do que poderá dirixirse á forGA.
- Un servizo periódico de información, por correo electrónico, sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.
- Un servizo periódico de envío de publicacións sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.

- O dereito a realizar o/s curso/s, da oferta subvencionada da forGA, para o/s que fora seleccionado/a, consonte coas bases técnicas e administrativas dispostas pola forGA e pola Administración concedente.
- O acceso ao programa gratuíto denominado: "CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS", a meio do que poderá beneficiarse de certos descontos e vantaxes ofrecidos, por empresas colaboradoras da titular das plataformas, para os seus usuarios/as e asociados da mesma.

Os usuarios/as das plataformas, preinscritos/as e seleccionados/as como alumnos/as en cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, tras asinar este contrato, adquiren o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo e das leis civís e mercantís de aplicación.

En especial, os alumnos/as de cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, obríganse a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, laborais, académicos e complementares, precisos para a tramitación e xestión dos servizos e ofertas derivados deste acordo; ben, directamente por medio das plataformas web ou ben, no caso de alta en soporte papel, comunicándoos en persoa e por escrito ás estruturas competentes da forGA.

A falta de comunicación ou non actualización permanente dalgún dato persoal, laboral, académico ou complementar, preciso para a xestión dalgún dos servizos dimandados deste acordo, exime completamente á prestadora do servizo (forGA) e as entidades por ela subcontratadas de responsabilidade algunha, en relación cos consecuencias que ese acto de ocultación ou negligencia puidese comportar para a viabilidade dos servizos pactados e/ou pretendidos; sendo imputábeis as mesmas, unicamente, ao usuario/a responsábel de non actuar diligentemente en relación cos seus propios datos.

Asemade, os alumnos/as, seleccionados/as para cursos da oferta subvencionada para traballadores/as das plataformas, obríganse a obter o control, o antes posíbel, da súa conta de usuario/as, no caso de que fosen rexistrados/as por algunha estrutura territorial da forGA en soporte papel, ao carecer de conta de correo electrónico e de acceso a internet; eximindo a forGA, mentres non se fagan co control da súa conta de usuario/a, de todos os problemas, retrasos, adiamentos e perdas de dereitos que se poidan producir por culpa dunha deficiente notificación e/ou comunicación ao alumnos/a.

**III.- Dos/as preinscritos/as e alumnos/as de cursos da oferta formativa da forGA, non subvencionada (gratuíta e/ou pagamento). Medios de xestión gratuítos e servizos deducidos da relación contractual:**

O/A usuario/a das plataformas, tras contratar algún dos cursos/servizos non subvencionados, gratuítos e/ou de pagamento, ofertados pola titular da mesma: ofertas privada, universitaria e/ou outras, conta cos dereitos xerais que se relacionan e dispón dos medios de xestión gratuítos da súa demanda e servizos que se indican:

- Un nome de usuario/a e un contrasinal que lle permitirán acceder á parte privada das plataformas.
- Un apartado, na parte privada, denominado: OS MEUS CURSOS, a meio do que poderá xestionar as accións formativas subvencionadas nas que se preinscriba, así como coñecer o estado de tais solicitudes de preinscrición.
- Un apartado, na parte privada, denominado: CONTACTO, a meio do que poderá dirixirse á forGA.
- Un servizo periódico de información, por correo electrónico, sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.
- Un servizo periódico de envío de publicacións sobre actualidade formativa, laboral, social e sindical.

- O acceso ao programa gratuíto denominado: "CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS", a meio do que poderá beneficiarse de certos descontos e vantaxes ofrecidos, por empresas colaboradoras da titular das plataformas, para os seus usuarios/as e asociados da mesma.
- O dereito a recibir o servizo pactado, consonte coas especificacións técnicas e administrativas do contrato electrónico que, para cada caso, se asinará no momento de escoller o servizo de pagamento desexado e aceptar as súas condicións.

Os usuarios/as das plataformas, tras contratar algún dos cursos/servizos non subvencionados, gratuítos e/ou de pagamento, ofertados pola titular da mesma: ofertas privada, universitaria e/ou outras, adquiren o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo e das leis civís e mercantís de aplicación.

En especial, os preinscritos/as e alumnos/as de cursos das ofertas formativas non subvencionadas, obríganse a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, laborais, académicos e complementares, precisos para a tramitación e xestión dos servizos e ofertas derivados deste acordo; ben, directamente por medio das plataformas web ou ben, no caso de alta en soporte papel, comunicándoos en persoa e por escrito ás estruturas competentes da forGA.

A falta de comunicación ou non actualización permanente dalgún dato persoal, laboral, académico ou complementar, preciso para a xestión dalgún dos servizos dimandados deste acordo, exime completamente á prestadora do servizo (forGA) e as entidades por ela subcontratadas de responsabilidade algunha, en relación cas consecuencias que ese acto de ocultación ou negligencia puidese comportar para a viabilidade dos servizos pactados e/ou pretendidos; sendo imputábeis as mesmas, unicamente, ao usuario/a responsábel de non actuar diligentemente en relación cos seus propios datos.

Asemade, os preinscritos/as e alumnos/as de cursos, das ofertas non subvencionadas da plataformas, obríganse a obter o control, o antes posíbel, da súa conta de usuario/as, no caso de que fosen rexistrados/as por algunha estrutura territorial da forGA en soporte papel, ao carecer de conta de correo electrónico e de acceso a internet; eximindo a forGA, mentres non se fagan co control da súa conta de usuario/a, de todos os problemas, retrasos, adiamentos e perdas de dereitos que se poidan producir por culpa dunha deficiente notificación e/ou comunicación ao preinscrito/a e/ou alumno/a.

## **QUINTA.- DEREITOS E OBRIGAS ESPECÍFICOS DEDUCIDOS DO CONTRATO:**

**1.- Dos/as preinscritos/as e alumnos/as de cursos da oferta formativa da forGA, subvencionada para traballadores/as.**

1.- A solicitude de preinscrición nun ou en varios cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA, con servizos complementares:

O usuario/a da plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) conta coa posibilidade de solicitar a preinscrición en calquera das accións, presenciais ou de teleformación, da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da entidade forGA, con inclusión dos servizos complementares que aquí se especifican.

Para preinscribirse en calquera curso ou acción da oferta subvencionada para traballadores/as, con servizos complementares, a persoa interesada debe asinar este contrato, electronicamente, dándose de alta como usuario/a das plataformas web a meio

da sección: OFERTA FORMATIVA PARA TRABALLADORES/SUBVENCIONADA ou, en papel, subscribíndoo nalgunha das DTs ou CTs da forGA.

No caso de que unha persoa interesada solicite a preinscrición, en soporte papel, debe asinar xunto con este contrato e a ficha correspondente, entregando, ambos, nunha DT ou CT da forGA.

A sinatura dos dous documentos confire á fundación e ao seu persoal habilitado poder suficiente para rexistrar nas bases das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) os datos de carácter persoal do solicitante, así como para dar a súa alta no apartado correspondente do medio tecnolóxico en cualidade de usuario/a e para formular a súa demanda de preinscrición no/s curso/s requirido/s.

A persoa interesado/a que non dispoña de correo electrónico, necesario para darse de alta e/ou preinscribirse en liña, que desexe solicitar a súa alta e/ou preinscrición nalgunha Delegación ou Centro Territorial da forGA, debe asinar este contrato e a ficha correspondente, en soporte papel; autorizando á fundación a atribuírle un enderezo electrónico, baixo un dominio propio da entidade, controlado por persoal habilitado, co obxecto activar a apertura da súa ficha electrónica no sistema e facilitar a recepción das notificacións e comunicacións que se xeren automaticamente. Igualmente, o interesado/a autoriza e apodera á fundación, a meio de persoal habilitado para tal fin, a xestionar e responder, no seu nome e representación, a aquelas cuestións e trámites que se deriven das comunicacións realizadas polas plataformas, en relación co proceso de activación da súa conta, alta como usuario/a e preinscrición en cursos.

No momento no que o usuario/a, preinscrito en soporte papel e cun correo electrónico atribuído pola forGA, desexe mudar o correo electrónico asignado pola fundación e facerse co control total da súa conta, deberá reclamar á Delegación Territorial da forGA na que fixo a solicitude a transferencia do seu nome de usuario/a e contrasinal nas plataformas, co obxecto de facerse co control e, se o desexa, mudar o propio nome de usuario/a e contrasinal. Ollar: <http://forga.info/forga/TControl.pdf>

A solicitude de preinscrición, electrónica ou en papel, nunha e/ou varias acción/s formativa/s concreta/s, presenciais ou de teleformación non xera dereito algún, a favor do usuario/a e/ou preinscrito/a nas plataformas, a ser seleccionado para participar nas accións formativas escollidas ou noutras.

A vixencia da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, terá unha duración coincidente co período de execución establecido, pola Administración que outorgue as subvencións para o plano ou programa formativo do que se trate. Unha vez rematado o período de execución do plano ou programa ao que pertenza a acción formativa na que se preinscribiu o usuario/a das plataformas, a fundación forGA ficará autorizada a suspender, extinguir e/ou modificar (excluir ou incluír), tanto as solicitudes de preinscrición en curso/s dos usuarios/as que as formularon, como as propias accións formativas da oferta subvencionada para traballadores/as e, en consecuencia, terá dereito a dar a baixa da/s solicitude/s de preinscrición, por remate do período de execución do plano formativo ou, no seu caso, a transferir tais demandas de preinscrición das accións formativas modificadas, excluídas ou eliminadas, a outras accións formativas equivalentes, derivadas de planos ou programas homologábeis.

No caso de que a titular das plataformas decida manter activas as solicitudes de preinscrición dun/varios/todos os usuarios/as nunha determinada oferta formativa correspondente a unha programación subvencionada executada e rematada; os usuarios/as preinscritos/as terán dereito a manter a súa demanda de preinscrición mentres non sexan seleccionados para participar na acción formativa elixida; extinguíndose tal dereito ao ficar seleccionados/as.

## 2.- A solicitude de preinscrición nun ou en varios cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA, sen servizos complementares:

O usuario/a das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), dado o carácter indivisible deste contrato, se o desexa, conta coa posibilidade de solicitar a preinscrición en calquera das accións, presenciais ou de teleformación, da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da entidade forGA, sen inclusión dos complementares especificados neste pacto.

A persoa interesada en solicitar a preinscrición en calquera curso ou acción formativa da oferta subvencionada para traballadores/as da entidade forGA, sen servizos complementares, debe proceder do seguinte xeito:

- Terá de comparecer, persoalmente, nunha Delegación ou Centro Territorial da fundación e solicitar a inscrición no curso que desexe, da oferta formativa subvencionada para traballadores/as; requirindo cumprimentar o contrato e a ficha establecidos para solicitudes de cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as, sen servizos complementares.
- Unha vez asinado o contrato e a citada ficha de solicitude preinscrición, sen servizos complementares, o preinscrito/a, a meio desa modalidade, terá idénticos dereitos á selección, ao chamamento e á participación en cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as que o preinscrito/a baixo a modalidade con servizos complementares.
- O réxime de dereitos e obrigas do preinscrito/a en cursos, sen servizos complementares, virá dado pola normativa das convocatorias específicas dos planos formativos no que se preinscribira, así como polo dereito á igualdade en materia de preinscrición, selección, chamamento e participación do que goza en relación co preinscrito/a en cursos, con servizos complementares.
- Nengún dos dereitos, obrigas, disposicións ou cesións derivados da contratación, con servizos complementares, son aplicábeis ao preinscrito/a baixo a modalidade sen servizos complementares; a menos que simultanee a súa preinscrición, sen servizos complementares, con outra preinscrición, con servizos complementares; en cuxo caso o réxime regulatorio de cada preinscrición virá dado pola modalidade elixida en cada unha das accións para as que se preinscribira.

## 3.- A previsión da execución de cursos da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA: temporalizada, territorializada e sectorializada:

A forGA pendurará e actualizará regularmente, no apartado da plataforma web [www.forga.org](http://www.forga.org): OFERTA FORMATIVA PARA TRABALLADORES/SUBVENCIONADA, as programación/s de cursos que se aprobe/n pola/s entidade/s condecendente/s dos recursos económicos, temporalizadas, territorializadas e sectorializadas, a efectos exclusivamente informativos para o público en xeral, usuarios/as, preinscritos/as e alumnos/as no medio tecnolóxico.

A partires dese momento iniciarase o proceso para a selección de alumnos/as, entre os usuarios/as preinscritos, tanto por esta vía contractual, como por outras vías de preinscrición.

## 4.- A decisión de inicio do/s curso/s da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA:

A decisión de inicio de cursos corresponde ás estruturas da forGA que a teñan atribuída, de acordo co seu ámbito de competencias e coa planificación da execución aprobada pola Equipa de Dirección da fundación.

En todo caso, esa decisión de inicio dun curso sempre será comunicada e encamiñada cara os servizos económicos, xurídicos e de programación e seguimento da forGA, a meio da Delegación ou Centro Territorial da fundación que corresponda. E só tras a aprobación e autorización da solicitude de inicio por tais áreas se porá en marcha o curso de que se trate.

#### 5.- O proceso de selección para participar nun/varios curso/s da oferta formativa subvencionada para traballadores/as da forGA:

Elixida, polo/a usuario/a preinscrito/a, a acción formativa na que desexa participar, as estruturas de xestión da forGA son as que teñen atribuída a facultade de seleccionalo/a ou non para formar parte dun ou doutro curso concreto; en base ao cumprimento dunha serie de criterios selectivos obxectivos e públicos dispostos pola fundación, como a antigüidade do usuario/a na súa solicitude preinscrición, combinados cos criterios selectivos administrativos requiridos en cada convocatoria.

Tras o proceso selectivo, os/as usuarios/as preinscritos que foran seleccionados/as recibirán unha comunicación por correo electrónico, teléfono e/ou sms, indicándolles as datas e lugar de execución das accións formativas para as que foran escollidos/as, a fin de que procedan a confirmar a súa matrícula. A partir dese momento, o/a preinscrito/a nunha acción formativa, tornará en seleccionado/a nun curso e, xa que logo, perderá a condición de demandante preinscrito/a da oferta formativa xenérica, da que derive o curso para o que fora escollido/a. En todo caso, o seleccionado/a manterá a súa demanda no resto das accións formativas xenéricas nas que se preinscribise e, mesmo, poderá volver a preinscribirse na acción formativa xa realizada, sempre que cumpra cos criterios de selección. Neste suposto a antigüidade na preinscrición contará dende o momento no que se active a nova alta de preinscrición na acción formativa concreta.

A non selección do/a preinscrito/a para participar nun/varios/todos curso/s ou programa/s da oferta subvencionada para traballadores/as, por calquera causa admisíbel en dereito disposta polas normas da convocatoria e/ou da entidade organizadora, non xerará nengunha responsabilidade para a entidade ou terceiros, nen dereito de resarcimento e/ou compensación para o usuario/a preinscrito/a.

#### 6.- Dereitos e deberes do alumnado da forGA:

Os/as usuario/as das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), os/as preinscritos/as e os/as seleccionados para a realización de accións formativas da oferta subvencionada da forGA terán os seguintes dereitos e deberes:

- a) Os dereitos e deberes dispostos para o alumnado na normativa que regule a convocatoria pública de subvencións coa que se financia o programa formativo.
- b) Os dereitos e deberes comúns do alumnado fixados na **Carta de Dereitos e Deberes dos Alumnos/as da forGA** que se detalla:
  - o *Dereitos dos alumnos/as da forGA, deducidos da Carta de Dereitos e Deberes dos Alumnos/as da forGA:*
    1. A recibir, coa calidade e profesionalidade axeitada, a formación para a que foran seleccionados/as e/ou a formación contratada.
    2. A recibir o diploma acreditativo da realización da acción formativa, cando o alumno/a/a a remate con aproveitamento e realice como mínimo as horas lectivas dispostas en cada convocatoria e supere as avaliacións establecidas polas normativas reguladoras ou a nivel interno.
    3. A recibir, no caso de solicitalo por non ter dereito a diploma, unha certificación polas horas e módulos realizados.

4. A recibir os correspondentes certificados oficiais de profesionalidade, dacordo coas normativas das convocatorias, cando a formación que se imparta conduza á obtención de créditos ou certificados de profesionalidade.
5. A percibir as bolsas e axudas, no seu caso, segundo o establecido na normativa reguladora de cada convocatoria ou polo propio Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA.
6. Os alumnos/as teñen dereito a recibir unha formación axeitada coa súa demanda.
7. Os alumnos/as teñen dereito á igualdade de oportunidades mediante a non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
8. Os alumnos/as poderán reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao finalizar un ciclo ou curso. Tais reclamacións deberán basearse na inadecuación da proba proposta ao alumno/a en relación cos obxectivos ou contidos da área ou materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
9. A forGA establecerá o procedemento para a formulación e tramitación das reclamacións contra as cualificacións e decisións que, como consecuencia do proceso de avaliación, se adopten ao final dun ciclo ou curso.
10. Todos os alumnos/as teñen dereito a recibir orientación laboral e profesional, a medio do Servizo de Estudos e Orientación Laboral da forGA, para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
11. Todos os alumnos/as teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
12. Os alumnos/as teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
13. Todos os alumnos/as teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos aldraxantes ou degradantes.
14. As Delegacións e Centros Territoriais da forGA estarán obrigadas a gardar reserva sobre toda aquela información de que dispoñan acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno/a.
15. Os alumnos/as teñen dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros e na actividade escolar.
16. Os alumnos/as teñen dereito a elixir, mediante sufraxio directo e secreto, aos seus representantes en cada curso, nos termos que se estableceza no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, aprobado pola ED da fundación.
17. Os Delegados/as de cursos terán as atribucións, funcións e dereitos que lles asigne o Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, aprobado pola ED da fundación.
18. Os delegados/as de curso non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como portavoces dos alumnos/as, nos termos da normativa vixente.
19. Os alumnos/as teñen dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
20. Os alumnos/as teñen dereito a manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes dos alumnos/as na forma establecida no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA.
21. Os alumnos/as poderán reunirse nos centros docentes, consonte co establecido no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do

- alumnado e profesorado da forGA para actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do proxecto educativo do centro, así como para aquelas outras ás que poida atribuírse unha finalidade educativa ou formativa.
22. Os Delegados/as Territoriais e de Centro garantirán o exercicio do dereito de reunión dos alumnos/as dentro do horario do centro, consonte co establecido nas normas de funcionamento interno de cada centro.
  23. Os alumnos/as teñen dereito a utilizar as instalacións dos centros coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
  24. Os alumnos/as teñen dereito a participar, en calidade de voluntarios, nas actividades dos centros docentes.
  25. Os alumnos/as terán dereito a participar nos programas de axudas ao estudo que convoque a forGA, derivados do seu programa de obxectivos sociais.
  26. Os alumnos/as terán dereito a recibir o seu ensino integramente en idioma galego.
  27. Os alumnos/as terán dereito, se o desexan, a seren beneficiarios/as do programa gratuíto: Carta de Servizos Complementares da forGA.
  28. Os alumnos/as terán cuberta a asistencia médica e hospitalaria e gozarán de cobertura sanitaria nos termos previstos na lexislación vixente.
  29. Cando non se respecten os dereitos dos alumnos/as, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio de devanditos dereitos, a ED da forGA adoptará as medidas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ao/á DT, DC e/ou OCD de cada centro.

- o *Deberes dos alumnos/as da forGA, deducidos da Carta de Dereitos e Deberes dos Alumnos/as da forGA:*

1. O estudo e o aproveitamento constitúen deberes básicos dos alumnos/as e concrétanse nas seguintes obrigas:
  - a. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans e programas de estudo.
  - b. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
  - c. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
  - d. Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
2. Os alumnos/as deben respectar a liberdade de conciencia e as convicións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Constitúe un deber dos alumnos/as a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
4. Os alumnos/as deben respectar o proxecto educativo ou o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.
5. Os alumnos/as deben coidar e utilizar correctamente os bens móbiles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
6. Os alumnos/as teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.
7. As normas de convivencia dos centros da forGA, recollidas no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA poderán concretar os deberes dos alumnos e establecerán las correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas.

8. Os incumprimentos das normas de convivencia haberán de ser avaliados, en última instancia pola ED da forGA, considerando a situación e as condicións persoais do alumno/a.

II.- Dos/as preinscritos/as e alumnos/as de cursos da oferta formativa da forGA, non subvencionada (gratuíta e/ou pagamento). Relación contractual autónoma:

Os/as usuario/as das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), os/as preinscritos/as e os/as seleccionados para a realización de accións formativas da oferta non subvencionada da forGA (gratuíta e/ou de pagamento) terán os seguintes dereitos:

- c) Os dereitos e deberes dispostos para o alumno/a no contrato que regule a relación entre o matriculado/a e a forGA.
- d) Os dereitos e deberes do alumnado fixados a **Carta de Dereitos e Deberes dos Alumnos/as da forGA** que se detallan no anterior apartado I.- 6.- Dereitos e deberes do alumando da forGA.

**SEXTA.- DEREITOS COMPLEMENTARES DOS USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS, DOS PREINSCRITOS/AS E DOS ALUMNOS/AS DE CURSOS DA OFERTA FORMATIVA DA FORGA: SUBVENCIONADA PARA TRABALLADORES/AS E NON SUBVENCIONADA (GRATUÍTA E/OU PAGAMENTO). A CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS WWW.FORGA.ORG, WWW.FORGA.INFO, WWW.CIGREDE.ORG (CSC):**

I.- Que é a *Carta de Servizos Complementares (CSC)* con descontos para usuarios/as das plataformas, preinscritos/as e alumnos/as das ofertas formativas da forGA, subvencionada e non subvencionada (gratuíta e/ou de pagamento):

O programa CSC: "Carta de servizos complementares con descontos para usuarios/as das plataformas da forGA" ten por obxecto tecer, construír e desenvolver unha rede de servizos económicos, sociais e, mesmo, culturais gratuítos, promovida pola forGA, sen ánimo de lucro, para as entidades colaboradoras que decidan participar e os usuarios/as que o desexen das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) e dirixida a beneficiar aos citados/as usuarios/as dos medios tecnolóxicos con descontos económicos nos produtos e servizos ofertados polas colaboradoras e, correlativamente, a favorecer ás empresas participantes con novas oportunidades de mercado, ao constituírse en provedoras directas das necesidades de consumo e servizos do colectivo de usuarios/as da forGA.

II.- Cais son os obxectivos do programa *Carta de Servizos Complementares (CSC)*?:

A forGA, ao promover a constitución e organización dunha Carta de Servizos Complementares, mediante a subscrición de convenios de colaboración con empresas, pretende establecer unha OFERTA PERMANENTE E GRATUÍTA DE SERVIZOS CON DESCONTOS ECONÓMICOS (EN PORCENTAXE) E VENTAXES para usuarios/as das súas plataformas web, preinscritos/as e alumnos/as dos seus cursos.

III.- Obrigas da titular das plataformas, derivadas da prestación do servizo non económico para usuarios/as, preinscritos/as e alumnos/as da forGA, en relación co desenvolvemento do programa *Carta de Servizos Complementares (CSC)* e duración do actividade:

A forGA, como promotora da Carta de Servizos Complementares, entre certas empresas colaboradoras e os usuarios/as das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org) sitúase, no marco da relación derivada do citado programa de servizos complementares, nunha posición de colaboración nunha actividade de intermediación non

económica, gratuíta e sen ánimo de lucro, que perfeccionan e tornan e económica, no seu caso, a parte beneficiaria dos descontos en produtos e servizos e a parte beneficiaria dos consumos e contratacións deses produtos e servizos.

En consecuencia a forGA non obtén beneficio económico, nin lucro pola prestación deste servizo de intermedación; constituíndo a súa obriga principal, a respecto dos usuarios/as das plataformas, dos preinscritos/as e dos alumnos/as de cursos da forGA que subscriban este programa, publicar no espazo web reservado para tal fin as ofertas con descontos e vantaxes en produtos e servizos que convenie con aquelas empresas que colaboren gratuitamente na Carta de Servizos Complementares, por un período de tempo coincidente co período de duración deste contrato; entendéndose, xa que logo, que a entidade fundacional non ten obriga algunha de publicar no citado espazo web, nin ofertas propias, nin alleas, con descontos e vantaxes en produtos e servizos, de non haber empresas colaboradoras que queiran participar no programa obxecto desta regulación.

Finalmente, a forGA obrígase, tamén, a rescindir os convenios de colaboración con aquelas empresas e entidades que incumpran, acreditadamente, coas súa obriga de practicar os descontos convidos a aqueles beneficiarios/as que pretendan facelos efectivos e o poñan en coñecimento da propia fundación, por medio do correo-e: [sninformatica3@forga.org](mailto:sninformatica3@forga.org).

#### IV.- Mecánica de funcionamento do programa *Carta de Servizos Complementares (CSC)*:

Tanto os beneficiarios/as da Carta de Servizos (usuarios/as, preinscritos/as, alumnos/as e empresas colaboradora), como a promotora do mesmo, obríganse a actuar consonte coa seguinte mecánica:

- A) O usuario/a das plataformas da forGA, preinscrito/a e/ou alumno/a de cursos das ofertas formativas da forGA que cumpra as condicións e obrigas establecidas nos puntos seguintes, terá dereito a beneficiarse dos descontos, en porcentaxe, sobre os produtos e servizos ofertados, a través da sección Carta de Servizos Complementares das plataformas da forGA, polas distintas empresas colaboradoras dese programa.
- B) Cando un usuario/a das plataformas, preinscrito/a e/ou alumno/a desexe facer efectivo o desconto (en porcentaxe) sobre o prezo de venda ao público dun produto e/ou servizo determinado, dos ofertados na Carta de Servizos Complementares por unha empresa colaboradora, deberá acceder á sección *Carta de Servizos Complementares* das plataformas web da forGA e, seguindo as instrucións alí dispostas, na sección de información, haberá de imprimir o cupón de desconto do PVP do produto e/ou servizo que pretende adquirir na citada empresa.
- C) Só tras imprimir o cupón de desconto o usuario/a das plataformas, o/a preinscrito/a e/ou o/a alumno/a da forGA, adquirirá a condición de beneficiario/a do desconto ofertado.
- D) O/a beneficiario/a disporá dun prazo máximo de 8 días para facer efectivo o desconto do cupón imprimido na empresa a que corresponda. Percorrido o prazo de 8 días sen materializar o desconto do que goza, caducará a validez dese cupón imprimido, extinguíndose o dereito do beneficiario/a, en relación co citado cupón de desconto.
- E) Para facer efectivo o cupón de desconto, no prazo establecido, o beneficiario/a ten dúas opcións:
  - ✓ Comparecer persoalmente nas dependencias da colaboradora que realice a oferta e reclamar a porcentaxe de desconto que corresponda, exhibindo e entregando o cupón imprimido ao responsábel da entidade, previa solicitude de información sobre o PVP do produto e/ou servizo.
  - ✓ Póirse en contacto, telefonicamente, por correo electrónico ou calquer outro medio, coa colaboradora e pactar con ela os termos da entrega/envío do cupón

de desconto da forGA e, correspondentemente, da entrega/envío do produto e/ou servizo contratado.

- F) No momento no que un/unha beneficiario/a da Carta de Servizos Complementares compareza nas instalacións ou se poña en contacto cunha empresa colaboradora, demandando o desconto ofertado, recoméndase, como método para facer efectivo o cupón de desconto, perguntar o prezo venda ao público do produto ou do servizo que interesa adquirir/contratar, antes de anunciar que quere facer efectivo o desconto da Carta de Servizos da forGA. Só ao coñecer o prezo de venda ao público do produto e/ou servizo que se desexa é cando se ha exercitar o dereito ao desconto pactado sobre ise prezo, exhibindo e entregando/enviando o cupón imprimido.
- G) Os responsábeis da citada colaboradora solicitarán ao beneficiario/a que exhiba o documento de identidade, ou que indique nome, apelidos e número de tal documento de identidade, e, asemade, que mostre o cupón de desconto, ou que indique o número de CÓDIGO do cupón de desconto. Tras o subministro desa información polo beneficiario/a, a colaboradora comprobará (ben accedendo á propia plataforma: [www.forga.org](http://www.forga.org) (empresas), ben chamando ao número de teléfono da forGA: 986.272075) a validez do código do cupón, así como a identidade do beneficiario/a (o sistema web, ou telefonicamente a forGA, validarán ou invalidarán o cupón de desconto tras a comprobación do seu código).
- H) Identificado o/a titular do cupón e validado o seu código, os responsábeis da empresa colaboradora requirirán a entrega e/ou envío de tal cupón e practicarán o desconto convidado, publicado na Carta de Servizos Complementares, sobre o prezo de venda ao público que, nese momento, teña establecido o produto e/ou servizo requirido; tendo en conta os seguintes dereitos e obrigas de ambas partes:
- ✓ O/a beneficiario/a non terá dereito, en períodos inferiores a 8 días, a utilizar mais dun cupón de desconto sobre unha mesma oferta de produtos e/ou servizos, realizada por unha empresa determinada, se non efectúa a merca do produto ou contrato do servizo. Por conseguinte, aínda que se impriman varios cupóns dun mesmo tipo de oferta e dunha empresa determinada ou se fotocopien, o sistema só validará, en períodos inferiores a 8 días, un cupón de desconto sobre un mesmo tipo de oferta dunha determinada empresa, mentres non se efectúe a merca do produto e/ou o contrato do servizo correspondente ao cupón imprimido; ao non seren acumulábeis as porcentaxes de descontos de varios cupóns imprimidos e/ou fotocopiados sobre unha mesma oferta, dunha determinada empresa.
  - ✓ O/a beneficiario/a terá dereito, en períodos inferiores a 8 días, a utilizar mais dun cupón de desconto sobre un mesmo tipo de oferta de produtos e/ou servizos, realizada por unha mesma empresa, consonte vaia efectuando cada merca do produto ou cada contrato do servizo. Por conseguinte, o sistema validará, en períodos inferiores a 8 días, mais dun cupón de desconto sobre un mesmo tipo de oferta, dunha determinada empresa, a medida que se vaian entregando/enviando e descontando, con mercas ou contratos, os cupóns imprimidos.
  - ✓ O/a beneficiario/a terá dereito, en calquera momento, a utilizar mais dun cupón de desconto, cando se trate de ofertas de diferentes tipos de produtos e/ou servizos, realizadas pola/s mesma/s e/ou distinta/s empresa/s. Por conseguinte, o sistema validará mais dun cupón de desconto nesas circunstancias.
  - ✓ O/a beneficiario/a terá dereito a solicitar que se lle practiquen os descontos en produtos e servizos ofertados por todas as empresas colaboradoras da Carta de Servizos, tantas veces como desexe, sen límite de uso de cupóns de desconto, sempre dacordo coa mecánica de merca de produtos e contratación de servizos exposta nos apartados anteriores.
  - ✓ O/a beneficiario/a non terá dereito a acumular a oferta de desconto establecida na Carta de Servizos Complementares, con calqueroutra oferta

que poida ter en vigor a empresa colaboradora no momento no que se pretenda facer efectivo o dereito ao desconto derivado da citada Carta de Servizos Complementares. Nise suposto, o beneficiario/a terá dereito a optar entre o desconto xeral en vigor que estea a realizar o establecemento nese momento e o desconto específico derivado desta Carta de Servizos Complementares.

- ✓ As empresas colaboradoras non poderán practicar descontos e/ou facilitar vantaxes, derivados da Carta de Servizos Complementares, a aquelas persoas cuxa identidade non coincida coa reflectida no/s cupón de desconto, ás que non entreguen/envíen o cupón de desconto, ás que entreguen/envíen cupóns de desconto caducados, ás que entreguen/envíen cupóns de desconto xa utilizados e validados e ás que entreguen/envíen cupóns de desconto emendados, riscados, rachados e dubidosos..
- l) Finalmente a colaboradora ficará, se o desexa, para o seu control, co cupón de desconto entregado polo/a beneficiario/a.

V.- Obrigas dos usuarios/as das plataformas, dos preinscritos/as e/ou dos alumnos/as de cursos das ofertas formativas da forGA, en relación co dereito a seren beneficiarios/as do programa *Carta de Servizos Complementares (CSC)*:

O/a usuario/a das plataformas, o preinscrito/a e/ou o alumno/a da forGA, ao subscribir este contrato, en relación coa Carta de Servizos Complementares, abrígase a:

- a) Cumprir as condicións e obrigas xerais establecidas neste contrato.
- b) Subministrar os seus datos persoais, laborais e académicos e a mantelos actualizados permanentemente.
- c) Solicitar e obter a alta como usuario/a das plataformas da forGA.
- d) Manter en vigor a súa condición de usuario/a das plataformas da forGA no momento no que pretenda facer valer os dereitos derivados da Carta de Servizos Complementares.
- e) Dispor dun correo electrónico propio e persoal (nen o subministrado pola forGA para facilitar a alta nas plataformas, nen os que teñan un dominio incompatíbel co sistemas das plataformas) e a rexistrar tal correo na súa ficha de usuario/a das plataformas.
- f) Aceptar, nos seus propios termos, a contía (porcentaxe) dos descontos económicos e das vantaxes nos produtos e servizos ofertados.
- g) Acceder á parte privada das plataformas, coa identificación e contrasinal proporcionadas pola fundación, e imprimir o cupón de desconto do/s produto/s e/ou servizo/s ofertado/s pola empresa colaboradora na que desexe realizarse a compra e/ou o contrato.
- h) Comparecer, persoalmente, nas instalacións da empresa da que se queira obter o desconto ou vantaxe sobre o produto e/ou servizo ofertado ou, no caso de admitirse pola empresa colaboradora, a aceptar os sistemas de control de cupóns e envío/entrega de produto/s, establecidos pola empresa colaboradora en cuestión.
- i) Exhibir e entregar/enviar o cupón de desconto aos/ás responsábeis da empresa colaboradora para poder facer efectivo o desconto ou vantaxe no produto e/ou servizo ofertado.
- j) Exhibir o Documento de Identidade para acreditar a persoalidade, no momento de facer efectivo o cupón de desconto.
- k) Aceptar a responsabilidade única e exclusiva da/s empresa/s colaboradora/s do programa Carta de Servizos Complementares que incumpra/n a súa obriga de practicar os descontos convidos sobre o PVP dos produtos e servizos ofertados por medio do Convenio de Colaboración coa forGA.
- l) Informar, axiña, a forGA dos incumprimentos das ofertas publicadas, nos que poidan incorrer as empresas colaboradoras do programa.

- m) Dirixir calquera tipo de reclamación que poida caber, por incumprimentos de colaboradoras do programa Carta de Servizos Complementares, contra a/s empresa/s colaboradora/s responsábel/beis do/s mesmo/s.
- n) Aceptar, integramente, as condicións e obrigas derivadas do apartado contractual denominado "Mecánica de funcionamento do programa Carta de Servizos Complementares".
- o) Non escribir, subliñar, emendar, riscar, etc. o cupón de desconto por nengún medio.
- p) Utilizar o cupón de desconto de xeito persoal e intransferíbel, sen cedelo ou doalo a persoas que non sexan usuarias das plataformas da forGA.

**VI.- Dereitos dos usuarios/as das plataformas, dos preinscritos/as e/ou dos alumnos/as de cursos das ofertas formativas da forGA, en relación co programa Carta de Servizos Complementares (CSC):**

O/a usuario/a das plataformas, o preinscrito/a e/ou o alumno/a da forGA, ao subscribir este contrato, en relación coa Carta de Servizos Complementares, ten dereito a:

- a) Recibir información periódica, por correo electrónico, postal ou sms, sobre a *Carta de Servizos Complementares* con descontos para usuarios/as das plataformas da forGA, así como sobre as súas actualizacións.
- b) Solicitar, persoal e directamente, das empresas colaboradoras da Carta de Servizos Complementares, a práctica dos descontos económicos por elas ofrecidos, nas compras ou contratos de produtos e servizos que, en cada momento, a forGA publique por medio da súa páxina web.
- c) Obter da empresa ou entidade en cuestión, sempre que previamente se teñan cumprimentado as condicións e obrigas adquiridas que se relacionan nos apartados anteriores, as porcentaxes de desconto económico ofertadas pola colaboradora, a meio da páxina web da forGA, na/s compra/s e/ou contratación/s do/s produto/s e/ou servizo/s correspondente/s.

**VII.- Efectos dos incumprimentos das condicións e obrigas dos/as beneficiarios/as, das empresas colaboradoras/as e da titular das plataformas, en relación co programa Carta de Servizos Complementares (CSC):**

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para os/as beneficiarios/as do mesmo, habilitará á forGA a rescindir, unilateralmente, o contrato no seu conxunto, dado o seu carácter indivisíbel, e, en consecuencia, á perda dos dereitos como beneficiario/a do programa CSC, como usuario/a das plataformas da forGA e como preinscrito/a e/ou alumna/a dos cursos da forGA das distintas ofertas formativas.

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para os/as beneficiarios/as do mesmo, habilitará ás empresas colaboradoras a solicitar da forGA a rescindir do contrato subscrito polo beneficiario/a incumpridor/a.

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para as empresas colaboradoras do mesmo, habilitará ao beneficiario/a do programa CSC que se sinta prexudicado/a a formular as reclamacións que considere convenientes, unicamente contra aquelas empresas que incumprisen as obrigas adquiridas coa forGA e co propio/a beneficiario/a, mediante a publicación das súas ofertas na páxina web da forGA; ficando eximida de toda responsabilidade a entidade forGA.

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para as empresas colaboradoras do mesmo, habilitará ao beneficiario/a do programa CSC que se sinta prexudicado/a, a requirir da forGA a rescisión do Convenio de Colaboración subscrito con aquelas empresas que incumprisen tais obrigas.

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para as empresas colaboradoras do mesmo, habilitará a forGA a rescindir, sen mais trámite, o Convenio de Colaboración suscrito con aquelas empresas que incumprisen tais obrigas.

O incumprimento das condicións e obrigas establecidas no programa CSC para a forGA, habilitará tanto ás empresas colaboradoras, como aos beneficiarios/as do programa CSC, que se sintan prexudicados por algunha acción da forGA, a rescindir, sen mais trámite, o Convenio de Colaboración suscrito con aquelas empresas e o contrato de arrendamento de servizos, no seu conxunto, suscrito cos beneficiarios/as do programa CSC.

As partes que subscriben este contrato renuncian a calquera indemnización civil que puidese caber polo incumprimento dalgunha ou todas as obrigas da outra parte.

#### SÉTIMA.-PREZO/GRATUIDADE DO SERVIZOS PACTADOS:

Os servizos regulados por este contrato teñen carácter gratuíto para o usuario/a, para o preinscrito/a e para o alumno/a das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org).

Só aqueles servizos que estean especificamente sinalizados nas plataformas como de pagamento terán un custe para quen os elixa; sendo contractualizados en documento autónomo, por medio da aceptación electrónica ou en papel do interesado/a en contratalos.

#### OITAVA.- DEREITO DE INFORMACIÓN SOBRE INSCRIPCIÓN, REXISTRO, TRATAMENTO E CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, SOLICITUDE DE BAIXA NAS PLATAFORMAS E AUTORIZACIÓNS PRECEPTIVAS EN MATERIA DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, A EFECTOS DO CUMPRIMENTO DA LEI 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO:

O/A usuario/a, preinscrito/a e/ou alumno/a, recoñece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a de que todos os datos solicitados, nos distintos apartados da plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), son precisos para a formalización da súa solicitude de participación nas accións formativas que lle interesen, así como para obter os beneficios derivados do resto dos servizos prestados por tais plataformas.

Igualmente, fica informado/a de que os datos persoais, académicos e outros que subministre como consecuencia deste contrato, dirixidos a recibir servizos formativos presenciais, a distancia e outros servizos, serán rexistrados no **ficheiro dado de alta na AEPD denominado FORGA**, cuxa titular é a Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA) e os datos persoais, académicos e outros, dirixidos a recibir servizos de teleformación, serán rexistrados no **ficheiro dado de alta na AEPD denominado INTERFACE**, cuxa titular é a empresa INTERFACE ON LINE, S.L., coa que a forGA mantén un Convenio de Colaboración e Asistencia Mutua.

Tamén o usuario/a, preinscrito/a e/ou alumno/a autoriza a ambas entidades ao tratamento dos seus datos, de acordo coas finalidades previstas nas citadas bases de datos: xestión das ofertas formativas e accesorias da formación, preinscricións, seleccións, comunicacións, impartición e venda de cursos, información e identificación dos usuarios/as das plataformas á empresas colaboradoras do programa Carta de Servizos para usuarios/as das plataformas da forGA, envío de publicidade a usuarios/as das empresas colaboradoras do programa Carta de Servizos para usuarios/as da plataformas da forGA, así como envío de informacións

e publicacións a usuarios/as sobre actividades formativas, laborais, económicas, sociais, sindicais.

O/A usuario/a, preinscrito/a, alumno/a reconece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a dos seu dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación, respecto dos seus datos persoais de acordo ao previsto na Lei 15/1999 do 13 de decembro, podendo exercitalos por escrito ou por correo electrónico (forga.informa@forga.org), achegando copia, física ou escaneada, do seu documento de identidade, e dirixindo os seus escritos ao/á:

FICHEIRO FORGA:

"Responsábel de Seguridade da forGA"  
Avda. do Aeroporto 92, 1º andar.  
36206. Vigo. (Galiza).

FICHEIRO INTERFACE:

"Responsábel de Seguridade da Interface on line, sl"  
Rosalía de Castro nº 94  
15172 Oleiros (A Coruña)  
(Galiza)

A solicitude de baixa nas plataformas do usuario/a, preinscrito/a, alumno/a deberá ser cursada, en calquera momento ou no momento administrativamente posíbel (no caso dos alumnos/as), nas condicións especificadas no apartado anterior, e no modelo que se inclúe, como anexo, deste contrato; comportando a cancelación dos rexistros da base FORGA e/ou da base INTERFACE de todos os datos de carácter persoal do usuario/a, preinscrito/a, alumno/a e o envío do certificado de cancelación así como implicando a extinción do dereito a ser beneficiario/a de todos os servizos contratados. Non se admitirán baixas parciais nalgún dos servizos das plataformas, dado o carácter indivisíbel da relación contractual.

O/A usuario/a, preinscrito/a e/ou alumno/a autoriza á forGA a tratar e ceder os datos facilitados por medio das plataformas [www.forga.org](http://www.forga.org), [www.forga.info](http://www.forga.info) e [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org), ás entidades que se indican, cos fins que tamén se sinalan e que se recollen nos correspondentes contratos específicos para cesión e tratamento de datos subscritos con cada entidade e nos documentos de seguranza internos das entidades cesionarias e cedentes:

- **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)** ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de desenvolver o programa de información xurídico, laboral, económico e sindical para usuarios/as da forGA, así como co obxecto de xestionar e financiar certas accións formativas para usuarios/as da oferta subvencionada, privada e universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.
- **INTERFACE ON LINE, S.L.** ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para usuario/as da oferta subvencionada, privada e universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.
- **CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (CIP)** ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para usuarios/as da oferta subvencionada, privada e universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.
- **UNIVERSIDAD A DISTANCIA DE MADRID (UDIMA)** ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para usuarios/as da oferta subvencionada, privada e

universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.

- **FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)** ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para usuarios/as da oferta subvencionada, privada e universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.
- **ÁS EMPRESAS QUE SUBSCRIBAN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FORGA NO PROGRAMA CARTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARES CON DESCONTOS PARA USUARIOS/AS DAS PLATAFORMAS FORGA.ORG, FORGA.INFO e CIGREDE.ORG**, publicadas e actualizadas no apartado CARTA DE SERVIZOS (CSC) do medio tecnolóxico, ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización, por conta daquelas, co obxecto, exclusivo e único, de poder ser identificadas polo nome, apelidos e documento de identidade, como usuarios/as das plataformas citadas, para ter acceso aos programa de descontos en produtos e servizos ofrecidos a meio do programa CARTA DE SERVIZOS, polas mesmas. Esta autorización non inclúe o dereito a tratar datos como o enderezo ou calquer outro distinto do nome, apelidos e D.I. do/s usuarios/as das plataformas web)
- **ÁS EMPRESAS SUBCONTRATADAS POLA FORGA**, que teñan recoñecida pola Administración a condición de entidades formativas, dacordo coa normativa vixente en cada momento, ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta destas, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para usuarios/as da oferta subvencionada, privada e universitaria da forGA, tanto pola vía da teleformación, como pola vía da formación presencial.
- **Á XUNTA DE GALIZA, AO GOBERNO CENTRAL OU A CALQUEROUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA, ESPAÑOLA OU EUROPEA** competente e responsábel da regulación da acción formativa na que fose incluído/a o usuario/a; autorizándoa, en aplicación do establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, a comprobar a veracidade dos datos achegados.

#### **NOVENA.- NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN Á RELACIÓN CONTRACTUAL. DEREITO Á RESCISIÓN DO CONTRATO:**

Esta relación contractual réxese pola lexislación vixente en materia de servizos da información e comercio electrónico (Lei 34/2002 de 11 de Xullo), polo Código Civil e, no seu caso, polo Código de Comercio, así como pola Lei de Protección de datos de carácter persoal.

Calquera das dúas partes poderá rescindir este contrato, sen dereito a indemnización ou resarcimento algún, con só comunicalo por escrito a outra parte cunha antelación mínima de 10 días á data da extinción contractual decidida.

#### **DÉCIMA.- SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS E XURISDICIÓN:**

A solución das discrepancias que puidesen xurdir como consecuencia do vigor deste contrato, someterse á xurisdición dos tribunais da cidade de Vigo; sendo preceptivo, antes da interposición de calquera acción procesual, o intento documentado de acordo e, posterior, reclamación previa.

**En Vigo, na data de alta nas plataformas [www.forga.info](http://www.forga.info), [www.forga.org](http://www.forga.org) e/ou [www.cigrede.org](http://www.cigrede.org)**